

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 2 de abril de 2024

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 2 de abril do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Rafael Domínguez Artime, Luísa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Conselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33565.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de marzo de 2024.

2.33566.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCIONS PARA A CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (Expte.2024002972)

A Deputación de Pontevedra, co obxecto de consolidar o uso do galego como principal lingua de traballo e de comunicación nos concellos da provincia coas súas administradas e administrados, pretende crear, manter e reforzar os servizos de normalización lingüística dos concellos e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024.



Poderán solicitar esta liña de axudas as entidades públicas que teñan as seguintes características:

- En caso de que a axuda se solicite para a creación dun SNL:
 - Poderán solicitar estas subvencións os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, ou ben as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia.
- En caso de que a axuda se solicite para o mantemento ou reforzo do SNL:
 - Poderán solicitar esta liña os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes, ou ben as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais menores da provincia, que no momento da publicación desta convocatoria teñan creado e en funcionamento un servizo lingüístico.
 - Poderán solicitar esta liña os concellos que contén, no momento da publicación desta convocatoria, cun servizo de normalización lingüística activo e que queiran melloralo contratando persoal a maiores ou incrementando a xornada do persoal existente.

Con data 5 de febreiro de 2024, a Presidencia ordena a elaboración dunha convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas aos concellos para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2024, solicitando ao Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüísticos a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

Con data 27 de febreiro de 2024, o xefe do Servizo de Normalización Lingüística e Servizos Lingüístico emite informe do programa indicado, con CSV: Z06Y16H7S9KOFW7C, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 6 de marzo de 2024, a área de Secretaría emite informe, con CSV: LV1OFRAAXQM0L5SO, sobre as bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024

O 19 de marzo de 2024, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: 9X3IDTAH8S4B7775, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 24/334.3340.462.04 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 202400069358, por importe de 200.000,00 €.

No artigo 2 da Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, concrétese que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da comunidade autónoma”. Tamén, no seu artigo 4.1, se establece que “o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma.” e no seu artigo 25 figura que “O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.”.



No artigo 7.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que “o galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da súa Administración local”.

Así mesmo, o Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o día 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local: “É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados.”.

No ámbito local, o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Do mesmo xeito, no artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determináanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia

Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, art. 36.1.d) (LBRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, art. 109.1.d) (LALG).
- Lei 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación (OXS).
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).



APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (200.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as Bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos servizos de normalización lingüística dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2024, que figuran co CSV: AC0OXTOQ4KTR3DK5.

3.33567.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO Nº 1- RECTIFICADO DO INVESTIMENTO “PLAN ASFALTADO DE VIAIS MUNICIPAIS” INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, ANUALIDADE 2023. CONCELLO DE SANXENXO (Expte.2023005945)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 46.32424, do 10/03/2023, concedeuse unha subvención, ao abeiro da liña 1 do Plan Concellos 2022-2023- anualidade 2023, por importe de 866.427,14 euros ao concello de SANXENXO co obxecto do financiamento do investimento “PLAN ASFALTADO DE VIAIS MUNICIPAIS” (Expte. 2023005945), en base a un orzamento que ascendía ao mesmo importe.

A obra de referencia foi adxudicada no prezo (IVE Engadido) de 862.095,00 euros, o que supón unha baixa na adxudicación de 4.332,14 euros.



En data 22/12/2023, mediante rexistro WEB2023069878, ten entrada na sede electrónica da Deputación, de instancia do *Concello de Sanxenxo* na que manifesta a necesidade de modificar o proxecto técnico que figura no expediente, dada a necesidade de introducir unidades novas non previstas inicialmente. A entidade municipal aporta o proxecto modificado nº 1 da obra PLAN DE ASFALTADO DE VIAIS MUNICIPAIS e solicita a conformidade da Deputación a esta modificación. Máis, a Deputación require ao Concello emendar as deficiencias detectadas na documentación achegada, consistentes na acreditación da cesión das novas parcelas incorporadas ao proxecto modificado.

En data 19/03/2024, mediante rexistro WEB2024018127, ten entrada na sede electrónica da Deputación do proxecto modificado nº 1- rectificando da obra PLAN DE ASFALTADOS MUNICIPAIS. Neste documento técnico con respecto ao anterior, elimínase a parcela identificada coa referencia catastral 36051A03800069 á vista de que os seus propietarios non procederon a súa cesión e a fin de evitar a ocupación de terreos que son indispoñibles.

Revisado o proxecto modificado nº 1-rectificado do investimento PLAN DE ASFALTADOS MUNICIPAIS, compróbase que este non altera a finalidade da subvención, pero implica un incremento, sobre o prezo de adxudicación inicial da obra, que importa 129.310,81 euros. Este incremento finánciase contra a baixa de adxudicación (4.332,14 euros) e fondos propios do Concello (124.978,67 euros).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.

II.- Consideracións Xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, relativa á instrución e procedemento que indica que correspóndelle ó Servizo de Cooperación realizar as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes, solicitando cantos informes considere convenientes.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPAC, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente Orzamento provincial , sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Base 20ª das Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que establece que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación e redactar un proxecto modificado, admitindo que as modificacións se poidan financiar co importe das baixas de adxudicación.
- Artigo 205 da Lei de Contratos do Sector Público 9/2017, de 8 de novembro, que prevé que se poidan modificar os contratos cando se de algún dos tres supostos a), b) ou c) do seu parágrafo segundo e se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 21/03/2024, e da xefatura do servizo de Cooperación, de data 22/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 26/03/2024 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto modificado nº 1-rectificado da obra “PLAN DE ASFALTADO DE VIAIS MUNICIPAIS” (Expte. 202305945), aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, poida ser executado nos termos establecidos polo *Concello*.
- Que a baixa obtida na adxudicación do contrato se aplique no financiamento do modificado, debendo, non obstante, co-financiar a entidade municipal 124.978.67 €.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Sanxenxo*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.33568.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 (ÚNICA) DA OBRA DE EMERXENCIA PARA A “REPARACIÓN DE NOIRO NA EP 0018 XEVE-AMIL-ESPEDREGUEIRA, PQ 6+000, CONCELLO DE PONTEVEDRA” POLO PROCEDIMENTO DE VALIDACIÓN. (EXPTE.2023070346).

Por Resolución Presidencial núm. 2023008730 de 22/11/2023 declarouse a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "*Reparación de noiro na EP 0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)*" e adxudicouse á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (NIF B-36147429) o contrato da obra por importe de 120.000,00 €, IVE incluído. Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta, e estimándose un prazo de execución de DOUS (2) MESES.



O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023 acordou dar conta da Resolución Presidencial de data 22/11/2023 (núm. rexistro 2023008730) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "*Reparación de noiro na EP 0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)*".

Con data 27/12/2023 tivo entrada por REX_WEB2023070243 a certificación núm. 1 (única), da citada obra. Posteriormente, en data 10/01/2024 solicítase a Intervención informe de fiscalización da devandita certificación.

En data 28/02/2024 a directora da obra, María Belén Pampín Camino, emite informe xustificativo da obra realizada e favorable á tramitación e pago da certificación núm. 1 (única).

O día 14/03/2024 asínase a acta de recepción favorable con observacións da obra na que se fai constar que: "*Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento algún. Explica a dirección facultativo esta situación da seguinte forma: «Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no terraplén e no firme da estrada ata que se comezasen os traballos de excavación».*

O fin da obra produciuse o 22/12/2023, procedéndose á recepción desta o día 14/03/2024 superándose amplamente o prazo establecido na lexislación para elo. Non existe xustificación no expediente para este retraso. Este feito nas presentes condicións non condiciona o sentido da comprobación material do investimento, sen prexuízo das posibles observacións ou reparos que, no seu caso, puidesen ser recollidas de cara o informe e aprobación das certificacións de obra correspondentes".

Visto o informe da Intervención, de data 19/03/2023 relativo á certificación núm. 1 (única) da obra de emerxencia para "*Reparación de noiro na EP 0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)*" por importe de 122.920,34 euros, no que se recolle a seguinte observación:

"Na documentación que xustificou e motivou a contratación non se atopa un orzamento desagregado nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento ningún".

"A consecución dos feitos dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia demorouse excesivamente, as actuacións pertinentes deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras require unha actuación inmediata para evitar posibles riscos, polo que a aprobación da certificación require seguir o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno"; e conclúe en que "Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de validación do gasto".

Considerando.- O disposto no artigo 54 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo a validación dos actos anulables.

Considerando.-Que segundo recolle a base 17ª de execución do actual presuposto, en referencia ó recoñecemento e liquidación da obriga, no suposto de que no proceso de fiscalización se detecte unha certificación non cumpra algún dos requisitos esenciais esixibles, e os requisitos incumpridos non implican a nulidade radical da obriga, validaraos a Xunta de Goberno



Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento do exercicio 2024, concretamente na base 17.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Aprobar a certificación nº 1 (única) da citada obra, autorizar o compromiso do gasto e a validación da seguinte obriga, debendo librarse os seus importes con cargo a aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA CONSTRUCCIONES E.C. CASAS	Aplicación orzamentaria	Importe
(NIF B-36147429)	24/456.4530.612.01.2023 24/456.4530.612.01	122.920,34€
SUBTOTAL		122.920,34€
Taxa dirección de obra (4% PEM Adx)	Id.	3.414,69€
Total descontos	Id.	3.414,69€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		119.505,65€

5.33569.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DEPORTIVO DOS PARTIDOS DA SELECCIÓN ESPAÑOLA MASCULINA E FEMININA DE BALONMÁN. (EXPTE.2024011399).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2024, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo dos partidos das seleccións españolas masculina e feminina de Balonmán que se indican a continuación:

- Partido clasificatorio Campionato de Europa feminino, ESPAÑA-AZERBAIYAN, o 7 de abril de 2024, en Porriño (Pontevedra).
- Partido clasificatorio Campionato do Mundo masculino, ESPAÑA-SERBIA, o 8 de maio de 2024, en Lalín (Pontevedra).



Tendo en conta que dito acordo trasladouse á Federación Galega de Balonmán (G36690832), entidade que conta cos dereitos de exclusividade para a organización de ditos partidos, por delegación da Federación Española de Balonmano, para presentar proposición no caso de estar interesada, nun prazo de 10 días naturais contados desde o día seguinte ao envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL)

Tendo en conta que en data 22/03/2024 a Federación Galega de Balonmán presentou a proposición, e unha vez examinada a documentación, resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	148.000,00 €
IVE (21 %)	31.080,00 €
Importe ofertado con IVE	179.080,00 €

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares co seguinte resultado:

- Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

ENTIDADE	OFERTA	PUNTUACIÓN
Federación Galega de Balonmán (G36690832)	148.000,00 €	0,000

Comprobada a documentación presentada, cumpre cos requisitos establecidos nos pregos. Asemade, consta no expediente constitución da garantía definitiva polo importe de 7.400 euros (Carta de pago núm. 202400072361 de data 22/03/2024)

Tendo en conta o establecido no informe complementario da xefatura de Deportes de data 21/03/2024 (CSV X8OVDGD1GFCVDJM9) na que se modifica o réxime de pagamento establecido nos pregos administrativos para que se recolla na adxudicación do contrato.

Considerando os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais;



e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á Federación Galega de Balonmán (G36690832), o contrato de patrocinio deportivo dos partidos das seleccións españolas masculina e feminina de balonmán: partido clasificatorio Campionato de Europa feminino, ESPAÑA-AZERBAIYAN en Porriño, e partido clasificatorio Campionato do Mundo masculino, ESPAÑA-SERBIA en Lalín; polo seguinte importe ofertado:

Importe ofertado sen IVE	148.000,00 €
IVE (21 %)	31.080,00 €
Importe ofertado con IVE	179.080,00 €

O prazo de duración do contrato comprende dende a formalización do contrato ata o 12 de maio de 2024, incluíndo os seguintes eventos a patrocinar:

- Partido clasificatorio Campionato de Europa feminino, ESPAÑA-AZERBAIYAN, o 07 de abril de 2024, en Porriño (Pontevedra).
- Partido clasificatorio Campionato do Mundo masculino, ESPAÑA-SERBIA, o 08 de maio de 2024, en Lalín (Pontevedra).

Nomear responsable do contrato a xefatura da sección de Deportes da Deputación de Pontevedra; ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/340.3410.226.02 do vixente orzamento provincial.

2.- Rectificar a forma de pagamento establecido na cláusula 5.d do prego administrativo regulador do contrato de *Patrocinio deportivo dos "Partidos da Selección masculina e feminina de Balonmán"*, segundo o establecido no informe complementario da xefatura de Deportes, quedando a redacción:

Forma de pagamento: PARCIAL

Establecendo fitos de facturación:

- 1ª pago do 50 % do importe de adxudicación, unha vez remato o 1ª encontro, xunto coa factura a Federación deberá entregar unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.
- 2ª pago do 50 % do importe de adxudicación, unha vez remato o 2ª encontro, xunto coa factura a Federación deberá entregar unha memoria detallada na que se recolla pormenorizadamente todas as accións publicitarias recollidas no prego de prescricións técnicas.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036(CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2024011399	
Órgano xestor:	LA0006118	Unidade tramitadora	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

6.33570.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DO ARAL” (Expte.2024002589)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).



Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Baiona o importe que lle corresponde é de 81.234,38€.

En data 16/01/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2024002222), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello de Baiona, emendada nas datas 22/01/2024, 28/02/2024 e 27/03/2024 (núms. rexistro WEB2024002981, WEB2024013257 e WEB2024019717), na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 81.234,38 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “Reforma do campo de fútbol do Aral”, cun orzamento de 327.825,30€, desagregado en 319.657,80 euros de execución de obra e 8.167,50 euros de honorarios (6.957,50 euros de dirección de obra e 1.210,00 euros de coordinación de seguridade e saúde). O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 246.590,92 euros.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do PEID. O concello achega solicitude da autorización sectorial ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. As actuacións contan co informe de supervisión favorable do enxeñeiro do Servizo de Cooperación de data 13/03/2024 (CSV: 817B7IDRJVXO37P3).

O 27/03/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: XGV3V95973HGU0OY) e na data 27/03/2024 a Intervención provincial informa favorablemente dita concesión (CSV: SB3QDD9RUJ482Q7U).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

Petición e evacuación de informes

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

Resolución do expediente

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

Réxime competencial

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro do Servizo de Cooperación, da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF P3600300B, unha subvención por importe de 81.234,38 euros con destino ao financiamento do investimento “*Reforma do campo de fútbol do Aral*” ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento subvencionable de 327.825,30 euros, desagregado en 319.657,80 euros de execución de obra e 8.167,50 euros de honorarios (6.957,50 euros de dirección de obra e 1.210,00 euros de coordinación de seguridade e saúde) e unha achega municipal de 246.590,92 euros, solicitada a través do Plan + Provincia 2024.

A concesión queda condicionada á obtención da correspondente autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, sendo imprescindible que achegue a dita autorización, xunto coa aprobación do proxecto técnico polo órgano competente, coa primeira xustificación da axuda económica.

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Baiona*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



7.33571.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BAIONA, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS(PEID) DO INVESTIMENTO “MELLORA CAMPO DE FÚTBOL DO ARAL” (Expte.2024003239)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou a aprobación das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 19/01/2024 con número de rexistro WEB2024002812, emendado en datas posteriores, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, petición do Concello de Baiona na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª, 23ª das reguladoras, solicita con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 246.590,92 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID do investimento “*Mellora campo de futbol do Aral*”, sendo o seu orzamento de 327.825,30 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Fondos propios do Concello/Achegas doutros Plans- €
327.825,30	246.590,92	81.234,38 (PEID)

O orzamento contempla o importe de execución por contrata máis o honorarios técnicos.

Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade e uso do ben sobre o que se pretende actuar, así coma o informe técnico sobre a normativa sectorial.

A solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan + Provincia 2024 figurando no expediente a documentación requirida agás no referente a súa dispoñibilidade xa que, tal como indica o Concello, precisa da autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, aportando ao efecto a súa solicitude, por non dispor da mesma no momento de presentar a solicitude da subvención.

O concello non aporta o decreto de aprobación do proxecto presentado por non contar coa autorización indicada, debendo o concello realizar a súa aportación (autorización sectorial e acordo de aprobación do proxecto) xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.



A execución e a xustificación deste investimento suxeitarase, a norma do plan que se co-financia conforme ao establecido na base 23ª do Plan, sendo aquel o Plan extraordinario de infraestruturas deportivas-PEID.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 14/03/2024, e da xefa do Servizo de Cooperación de data 26/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención Provincial, de data 26/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder ao *Concello de Baiona*, CIF: P3600300B, a cantidade de 246.590,92 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID) do investimento “*Mellora campo de fútbol do Aral*” (Expte.2024003239), cun orzamento que ascende a 327.825,30 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Orzamento-€	Subvención a cargo do Plan + Provincia 2024-€	Achegas doutros Plans- €
327.825,30	246.590,92	81.234,38 (Plan extraordinario de infraestruturas deportivas)

O orzamento contempla a execución por contrata e honorarios técnicos.

- A presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, así coma a aportación da resolución ou o acordo de aprobación do proxecto presentado, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
 - Certificación expedida pola persoa funcionaria pública competente de que os gastos se realizaron e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando a disposición da Deputación para o seu exame os xustificantes correspondentes. Nesta certificación deberanse concretar as cantidades aboadas en concepto de salario e cotización empresarial á Seguridade Social e as cantidades deducidas na liquidación de cotas a ese mesmo organismo (modelo TC1) en concepto de incapacidade temporal das persoas traballadoras contratadas con cargo a esta subvención, cuxa contía deberá excluírse do cálculo do gasto total elixible realizado polo concello e que, no seu caso, dará lugar á obriga de reintegro á institución provincial.
 - Certificación expedida pola funcionaria ou funcionario público competente de que o concello non percibiu ningunha subvención doutras entidades para o financiamento do programa ou, en caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes para a súa execución, indicar o detalle de cada unha delas e certificar que a suma total non supera o 100% do seu importe.
 - A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación, que se axustará ás normas recollidas na base Cuadraxésimo Quinta. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.
- g) A non xustificación ou a xustificación insuficiente dará lugar á perda ou o reintegro da subvención percibida con correspondentes xuros de demora nos termos previstos no artigo 36 e ss. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29 e ss. da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra.
- h) En todo caso, as contratacións laborais estarán condicionadas ao cumprimento do preceptuado na normativa laboral aplicable.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, a Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



10.33574.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS “MELLORA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DA ESTRADA” (Expte.2024019036)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº245, do 22/12/2023.

O financiamento deste plan ascende a catro millóns (4.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.3420.762.95.2023.

As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2022).

Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023009897 de data 22/12/2023 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello da Estrada o importe que lle corresponde é de 119.485,71 €.

En data 20/03/2024, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2024018344 e WEB2024018519), ao abeiro do PEID, dunha petición do Concello da Estrada na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 119.485,71 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora das piscinas municipais da Estrada”, cun orzamento por importe de 454.013,86 euros. O importe que resta ata completar o orzamento financiarase cunha axuda solicitada ao Plan + Provincia 2024 por importe de 334.528,15 €.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas *Bases reguladoras do PEID*.

As actuacións contan co informe de supervisión favorable da enxeñeira do Servizo de Cooperación de data 20/03/2024 (CSV: 6MNQY96BTN01130Y).

O 21/03/2024 a xefa do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención (CSV: D8LLIC0XKFMMCEAV) e na data 21/03/2024 a Intervención provincial informa favorablemente a dita concesión (CSV: BGQHABYRAQB7K44Y).

FUNDAMENTOS DE DEREITO RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.



- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base 16ª das reguladoras do PEID que permiten destinar a cantidade asignada deste plan ao financiamento das achegas municipais de investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos de execución recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do PEID.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

REXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da LRBRL, o artigo 63 do ROFRXEL e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da enxeñeira do Servizo de Cooperación, da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada*, CIF P3601700B, a cantidade de 119.485,71 € con destino ao financiamento do investimento “*Mellora das piscinas municipais da Estrada*” ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento subvencionable de 454.013,86 € e unha achega municipal de 334.528,15 €, que se solicitou a través do Plan + Provincia 2024, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento Total	Subvención (Peid)	Achegas Doutras Administracións (Plan + Provincia 2024)
454.013,86€	119.485,71€	334.528,15€

A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do PEID (BOPPO núm. 245, de 22/12/2023) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.3420.762.95.2023 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

11.33575.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS PARA O INVESTIMENTO “MELLORA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DA ESTRADA” (EXPTE.2024019101)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 20/03/2024, mediante rexistro WEB2024018385, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha solicitude do concello de A Estrada na que, acolléndose ao disposto nas bases 1ª e 23ª das reguladoras, solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 334.528,15 €, co obxecto do investimento “*Mellora das piscinas municipais da Estrada*”, cuxo orzamento ascende 454.013,86 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 119.485,71 €, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención -Plan + Provincia 2024	Subvencións/axudas doutros plans, programas ou convenios da Deputación
2024	454.013,86	334.528,15	119.485,71

A petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA
NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.



- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 1ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que permiten destinar a cantidade asignada na liña 1 ao financiamento das achegas municipais a investimentos incluídos noutros plans, programas ou convenios da Deputación ou doutras administracións públicas, cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e sempre que os prazos recollidos no convenio ou noutros plans se axusten aos contemplados nas bases do Plan + Provincia 2024.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 20/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada* a cantidade de 334.528,15 €, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas para a execución da actuación denominada “*Mellora das piscinas municipais da Estrada*” (Expte. 2024019101) cuxo orzamento ascende 454.013,86 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda solicitada, por importe de 119.485,71 euros, ao Plan extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2024	Subvencións/axudas doutros plans, programas ou convenios da Deputación
2024	454.013,86	334.528,15	119.485,71



- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto. Unha vez concedida a subvención, xerarase crédito na correspondente aplicación orzamentaria e realizaranse as oportunas operacións en formalización.
- Convén lembrar que a execución e xustificación deste investimento rexerase polas normas do plan que se co-financia, “Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas” aprobado por acordo da Xunta de Goberno 2.33272 de 15/12/2023 (BOPPO nº 245 do 22/12/2023).
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.33576.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023) LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS DE RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE – PLAN CONCELLOS 2023” (EXPTE.2024018084)

Logo da tramitación das baixas teóricas, cuxa disposición foi autorizada mediante as resolucións presidenciais que se sinalan na táboa que se insire deseguido, resulta o seguinte remanente a favor do *Concello de A Estrada* no exercicio 2023.

Nº Expdte.	Denominación obra	Remanente a favor do concello	RP autorización disposición crédito
2022010702	Sinalización urbana de código e direccional Plan Concellos 2022-2023	16.444,89	RP2024002329 de data 21/03/2024
2022010716	Sinalización direccional no rural Plan Concellos 2022-2023	85.172,00	RP2024002325 de data 20/03/2024
TOTAL		101.616,89	

Resultando que a acumulación do remanente determina un saldo a disposición do concello da Estrada por importe de 101.616,89 €, na anualidade 2023.

En data 14/03/2024, mediante rexistro WEB2024017384, o *Concello de A Estrada* solicita, formalmente, que parte do remanente acumulado ao seu favor, na contía axustada de 101.616,88 euros, se aplique no financiamento do investimento “*Mellora de accesos a núcleos de Rubín, Lamas, Olives e Callobre Plan Concellos 2023*” (Expte. 2024018084).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023) e achega a documentación requirida, agás no relativo á dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución do investimento por estar pendente, no momento de presentación da solicitude de subvención, as autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación Provincial.

Conta co informe favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 15/03/2024.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 19ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que dispón que os concellos poden solicitar o reinvestimento das baixas definitivas e das baixas teóricas constatadas coa adxudicación do contrato no financiamento de novos investimentos, cando o importe destes últimos sexa igual ou superior a dez (10.000,00) euros.
O reinvestimento das baixas con destino ao financiamento de novos investimentos require da autorización previa do órgano competente da Deputación.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 15/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/03/2024, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de A Estrada* CIF P3601700B a cantidade de 101.616,88 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de accesos a núcleos de Rubín, Lamas, Olives e Calobre Plan Concellos 2023*” (Expte. 2024018084), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais do servizo de Infraestruturas e Vías Provincias da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo imprescindible que o *Concello* as remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2024/942.9425.762.45.2023 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de A Estrada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

13.33577.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MONDARIZ AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2024 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CAMPO DE FÚTBOL E ZONA DE DEPORTE NA LAGOA (ACHEGA PON2030)” (Expte.2024019058)

En data 11/01/2024, asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mondariz co obxecto do financiamento do investimento “Campo de fútbol e zona de deporte na Lagoa (Acheга PON2030)” (Expte. 2023030288). Con base a un orzamento que ascendía a 489.900,00 euros, a Deputación de Pontevedra concedeu, ao abeiro do Plan PON2030, unha subvención por importe de 416.415,00 euros e o Concello tiña que aportar 73.485,00 euros.

Pola súa banda, o Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.



Mediante resolución presidencial núm. 2024000047 de data 08/01/2024 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 19/03/2024, mediante rexistro WEB2024018141, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, dunha petición do concello de Pontecesures na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 73.485,00 €, para financiar a súa achega municipal ao investimento “*Campo de fútbol e zona de deporte na Lagoa*” (Expte. 2024019058).

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2024 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. Así mesmo, a devandita base 1ª permite aos Concellos destinar a cantidade asignada ao abeiro deste plan a financiar as achegas municipais para investimentos doutros plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras administracións públicas cando se trate de obras ou subministracións de competencia municipal e os prazos de execución que se recollen no plan ou convenio se axusten contemplados nas bases reguladoras para os investimentos incluídos na Liña 1.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2024, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases



específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 20/03/2024, e da xefa do servizo de Cooperación de data 21/03/2024 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/03/2024, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Mondariz*, CIF: P3603000E, unha subvención por importe de 73.485,00 € co obxecto do financiamento do investimento “*Campo de fútbol e zona de deporte na Lagoa (Acheга PON2030)*” (Expte. 2024019058)”, cuxo orzamento ascende a 489.900,00 €. O importe que resta ata completar o orzamento finánciase coa axuda outorgada a través do Programa PON2030, por importe de 416.415,00 €.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 24/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo; se ben posteriormente xerárase crédito na aplicación orzamentaria correspondente ao Programa PON2030 e se realizarán para isto as oportunas operacións en formalización.
- Así mesmo, conforme a base 23ª do Plan + Provincia, a licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Programa PON2030, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 2.7960 de 06/03/2023 e publicadas no BOPPO núm. 46 de 7/03/2023 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Mondariz*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

14.33578.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA RADIO VIGO, S.A. PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “CONTRATACIÓN DE RADIO VIGO, S.A. PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACION DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2023” (Expte.2022066522). (Devogaran 2024003833)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 13 de xaneiro de 2023 (CSV.-E48JNE9Y2A4P5TBA), adjudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación dos “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A., para a anualidade 2023*”. (Expte. 2022066522).

Para responder da realización deste servizo, a empresa *Radio Vigo, S.A.* (A-36612414), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
RADIO VIGO, S.A. (A-36612414)	5.165,29€	202200259534	20/12/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Comunicación Institucional (CSV.- FROXPYADVZTOUERO), no cal sinala que a empresa *Radio Vigo, S.A.*, cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato, sen resultar responsabilidades contra dita empresa, polo que procede que se devolva a fianza depositada.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- QKXCDZGZT'ZDF38N9), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil RADIO VIGO, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A., para a anualidade 2023*” (Núm. Expte. 2022066522), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en metálico, por importe de 5.165,29€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/12/2022, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202200259534.

15.33579.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NOVOTEC CONSULTORES, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO CORRESPONDENTE A"AT REDACIÓN DE PROXECTO <MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE O PQ 0+000 E O PQ 2+050 DA EP- 1002 A MADALENA-ALDÁN, NO CONCELLO DE CANGAS>" (Expte.2018057083) (Devogaran 2021028336)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a “*Adxudicación do Acordo Marco convocado para regular a contratación do servizo de asistencia técnica para redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación dos espazos públicos na rede de estadas provincias de Pontevedra*”. (Expte.2017003642)



Por Resolución Presidencial número 2018024469, de data 21/12/2018, adjudicouse o Contrato Derivado 39 de dito Acordo Marco relativo a “*Mellora da mobilidade peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 2+050, da EP 1002 A Magdalena-Aldán (Concello de Cangas)*”. (Expte. 2018057083).

Para responder da realización deste CD, a empresa *Novotec Consultores, S.A. (A-78068202)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adjudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (A-78068202)	524,20€	201900007684	10/01/2019

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- LN7KNMVL2765MVD8), no cal informa que a empresa NOVOTEC CONSULTORES, S.A., cumpriu satisfactoriamente o obxecto do contrato derivado, polo que procede a devolución da fianza constituída ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 47O6D00H3E46UPKL), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil NOVOTEC CONSULTORES, S.A., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Mellora da mobilidade peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 2+050, da EP 1002 A Magdalena-Aldán (Concello de Cangas)*” (Expte. 2018057083), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *CRÉDITO Y CAUCIÓN “Certificado de seguro de caución nº 4.206.330”*, pola entidade mercantil *NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (A-78068202)*, para responder de dito contrato, por importe de 524,20€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/01/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900007684.



16.33580.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EDNON, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “SERVIZO DE SOPORTE E MANTEMENTO PARA A INTRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO FORMADA POLAS CABINAS NETAPP DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte.2019042105) (Devogaran 2024011091)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2020 (CSV.- ZRV2ZNBIBFHD9NOO), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a contratación do “*Servizo de soporte e mantemento para a infraestrutura de almacenamento formado polas cabinas NETAPP da Deputación de Pontevedra*”. (Expte. 2019041105).

Para responder da realización deste servizo, a empresa EDNON, S.L. (B-36938009), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EDNON, S.L. (B-36938009)	6.441,79€	202000012367	20/01/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Contratación (CSV.- O36MN7P11ZYJW8O7), no cal sinala que finalizado o contrato referido e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía esixida, (...) o que procede é a devolución da mesma a fin de evitar futuras reclamacións por parte do adxudicatario (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 8JNV9XEL6KKPQQYM), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EDNON, S.L. (B-36938009), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Servizo de soporte e mantemento para a infraestrutura de almacenamento formado polas cabinas NETAPP da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2019042105), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval da entidade *SOLUCIÓN SEGUROS, S.A.*, pola entidade mercantil *EDNON, S.L. (B-36938009)*, para responder de dito contrato, por importe de 6.441,79€, que foi depositada na Tesourería Provincial o 20/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000012367.

17.33581.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EZE MOSQUERA EVENTS, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A “PATROCINIO DEPORTIVO DA PROBA CICLISTA DE CARÁCTER INTERNACIONAL <O GRAN CAMIÑO 2024>”(Expte.2023071705) (Devogaran 2024018073)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 9 de febreiro de 2024 (CSV.- 5YHQDENVRJQ1PEAR), adxudicouse, mediante procedemento negociado, sen publicidade e exclusividade, a contratación dos “*Patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional <O GRAN CAMIÑO 2024>*”. (Expte. 2023071705).

Para responder da realización deste servizo, a empresa EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. (B-70351341), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EZE MOSQUERA EVENTS, S.L. (B-70351341)	5.500,00€	202400029258	05/02/2024

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Cultura y Deportes (CSV.- RI15TG62CWJCBPIQ), no cal sinala que a empresa EZE MOSQUERA EVENTS, S.L., cumpriu o evento de forma satisfactoria, tal e como estaba previsto, polo que non existe inconveniente en que se proceda á devolución do aval depositado.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- PBC7SWU4M0KU4MEM), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil EZE MOSQUERA EVENTS, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Patrocinio deportivo da proba ciclista de carácter internacional <O GRAN CAMIÑO 2024>*” (Expte. 2023071705), sen que existan obrigas pendentes.

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 24 de xaneiro de 2023, as Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2023 (acordo núm. 3.32482), publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 27 de xaneiro de 2023 (BOPPO núm. 19).

Ao abeiro da dita convocatoria, a Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 19 de maio de 2023 (acordo núm. 4.32644), concederlle á Asociación pola Memoria Histórica do Grove, con CIF: G36532687, unha subvención de 6.989,67 euros para a edición da publicación e audiovisual “*A memoria do mar*”, con cargo á aplicación 24/332.3322.789.00.2023 do vixente Orzamento provincial.

De acordo coa base vixésimo terceira, “Incumprimento”, das citadas bases reguladoras, unha vez vencido o prazo para xustificar as axudas concedidas, e ao non recibir a documentación xustificativa correspondente por parte da Asociación pola Memoria Histórica do Grove, requiríuselle que o fixese nun prazo improrrogable de 15 días, tal e como establece o art. 70.3 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (RLXS).



Transcorrido este prazo de 15 días non consta a presentación en prazo e forma da documentación requirida. As circunstancias de feito referidas constitúen causa de perda do dereito ao cobro da axuda económica concedida, tal e como se indica no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPEO).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2023.
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente:

Base reguladora 15ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento de concesión da subvención lle corresponde á xefa do Servicio de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

Petición e evacuación de informes:

Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.

Artigo 88.6 da LPACAP, no que se sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto desta.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, nos artigos 63 e 89 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o RLXS, no artigo 16 da OXSDEPO, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación da aplicación, correspóndelle á Xunta de Goberno iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida.

CONCLUSIÓNS

Segundo o disposto no artigo 89, “Perda do dereito ao cobro da subvención”, do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba RLXS:

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS.
2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención será o establecido no artigo 42 da LXS.

Resultando que, con data 7 de marzo de 2024, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe (CSV: FIRFM9CAPNC4F8J0) onde se recolle que procede a incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro, tal e como se establece no artigo 89 do RLXS e no artigo 29.2 da OXSDEPO.

Resultando que, con data 19 de marzo de 2024, desde a área de Intervención se remite dilixencia de fiscalizado e conforme para proceder á incoación do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación pola Memoria Histórica do Grove para a edición da publicación e audiovisual “A memoria do mar” (CSV: PSXTNSPO7411V6PG).

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Iniciar o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da subvención concedida á Asociación pola Memoria Histórica do Grove (CIF: G36532687), por un importe de 6.989,67 euros, para a edición da publicación e audiovisual “*A memoria do mar*”, ao abeiro das Bases de subvencións en concorrencia competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2023.
2. Conceder un prazo de 15 días hábiles para que a Asociación pola Memoria Histórica do Grove poida realizar cantas alegacións considere oportunas.
3. No caso de non realizar alegacións no período sinalado no parágrafo anterior, este acordo elevarase automaticamente a definitivo, polo que o transcurso do dito prazo implicará a perda da subvención referida de xeito definitivo e procederase ao arquivo do expediente, sen prexuízo da posibilidade de interposición dos recursos pertinentes contra os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa.
4. Notificar esta resolución á Asociación pola Memoria Histórica do Grove, á Intervención Provincial e ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico.



27.33591.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expdes.2024018823 e 2024019337)

a) Vista a relación de facturas con número 2024018823, que contén 13 facturas e por un importe de 36.205,66€ e con CSV: JB5M8SJJL756XA9, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 19/03/2024, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	36.205,66€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00€
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	36.205,66€

b) Vista a relación de facturas con número 2024019337, que contén 7 facturas e por un importe de 1.378,81€, e con CSV: QPUX45M5WFRTV7AE, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 21/03/2024, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	1.378,81€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	1.378,81€



28.33592.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2024 (LIÑA 3) (EXPTE.2024007128)

O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 29/12/2023, punto núm.4.8103 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2024”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2022 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 2 de 03/01/2024 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 2, do 03/01/2024.

A cantidade máxima que o Concello de Sanxenxo pode destinar a liña 3-activación do emprego 2024 ascende a 244.478,17 euros.

Á vista da documentación obrante no expediente de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, mediante acordo da Xunta de Goberno do 16 de febreiro de 2024, punto núm. 4.33480, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2024/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.

No caso do Concello de Sanxenxo, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SANXENXO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>6 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 10,5 meses; 1 auxiliar administrativo/a a xornada completa durante 9,8 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6 meses</i>	286.639,21 €	279.577,78 €	42.185,26 €	244.453,95 €

O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2024017733 do 15/03/2024, solicita modificar o acordo de concesión da subvención, motivado pola necesidade de reformular a duración dos contratos ante a imposibilidade de realizar as contratacións nas datas previstas inicialmente.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2024 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2024. As modificacións poderán implicar unha variación a alza. No caso de supoñer unha subvención inferior, poderá destinarse a contía sobrante ao financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar a concesión da subvención ás novas circunstancias tras a imposibilidade de iniciar as contratacións nas datas previstas inicialmente, o interesado solicita modificar as duracións dos contratos, o importe do orzamento, o importe a cofinanciar e o importe da subvención con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE SANXENXO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
21	<i>7 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 9,4 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,6 meses</i>	277.942,37 €	271.095,75 €	33.977,94 €	243.964,43 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.



Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2024, punto núm. 4.33480, no referente á subvención concedida ó Concello de Sanxenxo, CIF núm. P3605100A, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	21	<i>7 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 9,4 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,6 meses</i>	243.964,43 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: E9LOLG6YU8R338Y1) e do informe de Intervención (CSV: LE445SN78M5HR8GN), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 16 de febreiro de 2024, punto núm. 4.33480, no referente á subvención concedida ó *Concello de Sanxenxo*, CIF núm. P3605100A, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Sanxenxo (P3605100A)	21	<i>7 auxiliares administrativos/as a xornada completa durante 9,4 meses e 14 peóns de obras públicas en xornada de 30 h./sem. durante 6,6 meses</i>	243.964,43 €

O importe restante poderá destinarse o financiamento de investimentos dentro da liña 1, respectando o límite establecido na base décimo novena do Plan +Provincia 2024.

2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



29.33593.- MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE.
(Expte.2023077322)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión que tivo lugar o día 24 de febreiro de 2017, aprobou o acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro Príncipe Felipe e que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 51 de data 14 de marzo de 2017.

Resultando que a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe e a Deputada Delegada de Igualdade e Benestar Social, asinan con datas 23 e 27 de febreiro de 2024, respectivamente, unha proposta para a actualización dos cadros de tarifas contidos no Anexo I do acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro Príncipe Felipe. O Centro xestor considera axeitado realizar unha actualización dos servizos ofertados, adaptando os mesmos ao funcionamento actual do centro e á demanda existente, ao tempo que a revisión das tarifas vixentes tendo en conta a actualización dos prezos de mercado das materias primas, a cal deriva do actual contrato de subministración de produtos de alimentación, adxudicado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 19 de maio de 2023.

Resultando que na memoria económica xustificativa dos prezos propostos elaborada pola Xefa de Xestión Administrativa e polo Encargado de Despensa do Centro Príncipe Felipe (CSV; VNIT1BO7KSRZV4W7), figura que os prezos propostos garanten a cobertura do custe de prestación dos servizos de xeito global.

Resultando que no expediente figura informe da Intervención Provincial asinado pola Viceinterventora con data 14 de marzo de 2023.

Considerando que de conformidade co disposto no artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais corresponde ao Pleno da Corporación o establecemento ou modificación dos prezos públicos, sen prexuízo das facultades de delegación na Xunta de Goberno tal como figura no acordo de delegación de competencias plenarias na Xunta de Goberno Provincial de data 30/12/1992 (BOPPO nº 14, 22/01/1993).

Considerando que o Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación con data 14 de marzo de 2024 efectúa unha proposta á Xunta de Goberno, para aprobar a modificación dos apartados 1 (Emprego das estancias e do comedor) e 2 (Produtos de cafetería) do Anexo I de tarifas do acordo regulador do prezo público polos servizos que se prestan no Centro Príncipe Felipe e que a Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na reunión do día 22 de marzo de 2024 ditaminou favorablemente a citada proposta.



A Xunta de Goberno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a modificación dos anexos de tarifas do Acordo regulador do Prezo público pola prestación de servizos no Centro Príncipe Felipe, de conformidade co seguinte:

ANEXO I. Tarifas

Apartado 1. Emprego das estancias e do comedor

1.1. Comedor

Concepto	Tarifa
Almorzo	1,50 €
Xantar	7,00 €
Merenda	1,15 €
Cea	5,00 €
Pensión completa/1 día (non inclúe pernoita)	14,65 €

1.2. Estancias

Concepto	Tarifa
Aloxamento (pernoita)	10 €/día
Utilización das aulas	20,60 €/día
Utilización do auditorio	102,90 €/día
Utilización do auditorio (media xornada)	51,45 €/ 4 horas

Apartado 2. Produtos da cafetería

Produtos	Tarifa
Artigos almorzo:	
Zume de laranxa	0,85 €
Tostada	0,35 €
Marmelada porción	0,35 €
Manteiga porción	0,20 €
Aceite de oliva (mono dose)	0,30 €
Tomate natural	0,55 €
Peza froita	0,55 €
Bebidas:	
1/3 de cervexa:	1,30 €



Cervexa sen alcohol:	1,25 €
Refresco de cola (bote):	1,20 €
Refresco de laranxa (bote):	1,00 €
Refresco de té:	1,35 €
Zumes:	0,95 €
Refresco de limón (bote):	1,00 €
Bebida isotónica:	1,40 €
Auga mineral de 1,5 l:	0,85 €
Auga mineral de 0,5 l:	0,65 €
Infusións	0,50 €
Té con leite e limón:	0,75 €
Café só:	0,80 €
Café cortado:	0,80 €
Café con leite :	0,80 €
Café con xeo:	0,90 €
Café dobre con leite:	0,90 €
Café descafeinado:	0,80 €
Café descafeinado dobre:	0,90 €
Leite con cacao:	0,90 €
Repostería	
Bolo de leite:	0,80 €
Napolitana de chocolate:	1,45 €
Donut:	1,45 €
Magdalena:	0,80 €
Caracola:	1,45 €
Croissant	1,00 €
Croissant con queixo	1,70 €
Croissant con xamón:	1,70 €
Croissant con queixo e xamón	2,00 €
Empanadilla de carne:	1,20 €
Empanadilla de bonito:	1,20 €
Empanadilla de bacallau:	1,20 €
Bocadillos	
Xamón:	2,50 €
½ de xamón:	1,25 €
Tortilla:	2,50 €
½ de tortilla:	1,25 €
Queixo:	1,80 €
½ de queixo:	0,90 €
Peituga de pavo:	1,80 €
½ de peituga de pavo:	0,90 €



Peituga de pavo e queixo:	2,00 €
½ de peituga de pavo e queixo:	1,00 €
Chourizo:	1,80 €
½ de chourizo:	0,90 €
Tortilla con xamón:	3,50 €
½ de tortilla con xamón:	1,75 €
Xamón e queixo:	2,50 €
½ de xamón e queixo:	1,25 €
Chourizo e queixo:	2,00 €
½ de chourizo e queixo:	1,00 €
Marmelo e queixo :	2,00 €
½ de marmelo e queixo:	1,00 €
Salchichón	1,80 €
½ de salchichón:	0,90 €
Salchichón e queixo:	2,00 €
½ de salchichón e queixo:	1,00 €
½ de tortilla con chourizo:	1,50 €
½ de tortilla con queixo:	1,50 €
Taco:	0,90 €

As tarifas incorporan o IVE correspondente.

Segundo. Dispoñer a publicación da modificación acordada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que entrará en vigor e aplicarase a partir do día 1 de maio do 2024.”

30.33594.- DECLARACIÓN DE ABANDONO DA EMPRESA TÓRCULO COMUNICACIÓN GRÁFICA S.A. (NIF A15056393) DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA CONTRATAR OS SERVIZOS DE IMPRESIÓN DE DIVERSO MATERIAL, ENCADERNACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. (Expte.2022015213)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 8 de xullo do 2022, aprobou o expediente para implementar un *Sistema dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros.*

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 10 de febreiro de 2023, acordou admitir á empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) nas seguintes categorías do Sistema Dinámico de adquisición para contratar os servizos de impresión de diverso material:

- Categoría I: Principal: Servizos de impresión e servizos conexas 79800000-2 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.
- Categoría II: Principal: Servizos de impresión e distribución 79824000-6 Servizos de encuadernación y acabado de libros 79971000-1.



O referido contrato formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) con data 13 de marzo de 2023, con efectos desde o 15 de marzo de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, establecéndose a posibilidade de dúas prórrogas cunha duración dun ano.

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023, aprobou a primeira prórroga do “*Sistema Dinámico de Adquisición para contratar servizos de impresión de diverso material, encadernación e distribución de libros*”.

Mediante Resolución Presidencial número 2023009541 de data 14/12/2023, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de impresión de 800 axendas de 2024 “Tendendo pontes”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 14/12/2023, a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número RP2024000641 de data 23/01/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de impresión de 300 exemplares do catálogo da exposición “O ESPAZO ENTRE AS COUSAS” de Juan Carlos Meana. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 23/01/2024, a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001748 de data 01/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de impresión de 3.600 libretas do Proxecto “Aquí faltan páxinas”. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 04/03/2024, a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número 2024001739 de data 01/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico de deseño e maquetación do libro “San Domingos de Pontevedra. Fortuna patrimonial e memoria urbana dunha ruína” de Begoña Fernández Rodríguez. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 04/03/2024, a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta.

Mediante Resolución Presidencial número RP2024001953 de data 08/03/2024, convidouse ás empresas admitidas no sistema dinámico de adquisición a presentar oferta na licitación do contrato específico para a impresión do libro “Los Exvotos en Galicia. Su significación en la religiosidad popular. De la cera a los cuadros votivos” de José Fuentes Alende. Transcorrido o prazo de 10 días naturais contados a partir do envío da invitación, que tivo lugar o día 08/03/2024, a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta.



Tendo en conta que a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) foi invitada a presentar oferta na licitación de todos os contratos específicos que se tramitaron desde a sinatura do contrato, sen embargo, non presentou oferta ás cinco últimas invitacións consecutivas.

Tendo en conta que o apartado 7 do prego de cláusulas económico administrativas establece que “*en calquera momento de vixencia do presente sistema poderán as/os empresarios abandonalo, entendéndose que exerceron esta opción no caso de que non presenten oferta en catro licitacións consecutivas. En ambos casos é o órgano de contratación o encargado de acordar dita exclusión. O abandono do sistema non impedirá a reincorporación nun momento posterior*”.

Visto o informe do Xefe de Servizo de Contratación de data 22 de marzo de 2024 no que, a modo de conclusión indica que:

“*Tendo en conta que a empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) non presentou oferta aos cinco últimos contratos específicos, de conformidade co apartado 7 do PCAP, considerase que abandonou o sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra*”.

Considerando que a Xunta de Goberno foi o órgano que declarou a admisión das empresas no sistema dinámico para a adquisición dos servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra ó estimarse que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir por abandono á empresa Tórculo Comunicación Gráfica S.A. (NIF A15056393) do sistema dinámico para contratar os servizos de impresión de diverso material e distribución de libros para a Deputación de Pontevedra, ao non presentar oferta aos cinco últimos contratos específicos.


31.33595.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL LESIÓNS E DANOS MATERIAIS E MORAIS NA E.P. 0017 NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (Expte.2023029998)

Dada conta que con data de rexistro 20/04/2023 (rex. núm. 2023009009) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. Cecilia Alonso Fernández, por lesións e danos materiais e morais producidos en accidente de circulación que tivo lugar a consecuencia do afundimento da calzada da estrada provincial E.P. 0017 Bao-Campañó, no Concello de Pontevedra, o día 16/01/2023, e que cuantificou economicamente en 7.729,49 €.



Resultando.- Que con data 04/05/2023 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 10/07/2023, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A estrada EP-0017 BAO-CAMPAÑÓ pertence á rede provincial de estradas.



O accidente tivo lugar no punto quilométrico PK 0+600 (marxe dereita) desta estrada provincial.







SEGUNDO.- No tramo anterior ao accidente e na dirección que levaba o coche obxecto da reclamación, existe a seguinte sinalización:

- *Sinal vertical (R-301) de velocidade máxima 60 km/h.*
- *Sinal vertical (R-305) de prohibido adiantar.*
- *Paneis direccionais en varios puntos (incluso no lugar do accidente).*
- *Sinal vertical (P 14a) de curvas perigosas.*
- *Sinal vertical S-17 de velocidade recomendada a 40 km/h.*







TERCEIRO.- Ao longo de todo o ano 2022 aparecen só 3 incidencias na estrada provincial pero por outros motivos alleos ó que provocou o accidente sinalado (achéganse os partes rexistrados).

Listados de Partes / Partes

Partes de incidencias para vías e obras

Nº de Parte	Rexistro	07/06/2022	07:30	01128	PONTEVEDRA	Centro	
2022	180	Comunicado	07/06/2022	07:33	01128	Bao - Campañó	0,0
		Finalizado	07/06/2022	08:19	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				TRÁFICO
		Notas	Comunica Riveiro que tras recorrer a zona dúas veces non apareceron				
		Finalizado	Incidencia				retirar un xabarín morto e outro ferido
Nº de Parte	Rexistro	19/10/2022	08:00	05413	PONTEVEDRA	Centro	
2022	385	Comunicado	19/10/2022	08:05	05413	Bao - Campañó	2,0
		Finalizado	19/10/2022	09:40	05413	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas					
		Finalizado	Incidencia				Restos de pedra e polas
Nº de Parte	Rexistro	23/10/2022	21:44	05413	PONTEVEDRA	Centro	
2022	451	Comunicado	23/10/2022	21:45	05413	Bao - Campañó	0,0
		Finalizado	23/10/2022	21:45	05413	Padín	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	Cérrase co parte 448.				
		Finalizado	Incidencia				Arbore caída

Este servizo foi notificado ás 00.34 horas do 16 de xaneiro do ano 2023, por parte do 112-SOS GALICIA, para "sinalizar corte de estrada por afundimento da mesma de aproximadamente 20 metros". A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).



O tempo de resposta segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial que acudiu a cubrir o incidente, o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 40 minutos aproximadamente.

Listados de Partes / Partes

Parte de Vías e Obras

Ano Parte Finalizado

Datos Rexistro

Data

Comunica

sinalizar corte de estrada por afundimento da mesma de aprox 20 metros

Incidencia

Concello Estrada

Ubicación K.M.

Brigada Zona

Seguimento

	<input type="text" value="17/01/2023"/>	<input type="text" value="00:34"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>	Minutos	<input type="text" value="0"/>
Comunicado	<input type="text" value="17/01/2023"/>	<input type="text" value="00:34"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>	Minutos	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="17/01/2023"/>	<input type="text" value="03:00"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Extra	<input type="text" value="2"/>		<input type="text" value="26"/>

Notas

Categoría	Apellido1	Apellido2	Nome	Plantilla
Peón	Corbacho	Reboredo	José	016531
Peón	Martínez	García	Francisco Javier	06980
Peón	Piana	Porto	Sebastián	033333

O Vixiante

Recibido

Procédese nese momento a sinalizar o corte e balizar o afundimento da calzada.

Requirida a presenza do vixiante responsable da zona se advirte inmediatamente do grave perigo. Coas intensas choivas que tiveron lugar semanas previas, produciuse o colapso da taxea existente e o derrube da calzada.

Debido ó arrastre do material quedou sen apoio parte da calzada perigando imposibilitando o tráfico rodado pola estrada polo que foi necesario proceder ao corte inmediato da mesma.





Foto no momento do accidente



Foto da mañá seguinte ao accidente

Todo isto requiriu dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores, propoñéndose ese mesmo día a contratación da obra de emerxencia, iniciándose os traballos a mesma mañá do día 17.

CUARTO.- As condicións meteorolóxicas foron especialmente extremas nas datas previas ao accidente.


Despois dun mes de decembro extremo en cuanto as condicións meteorolóxicas e un inicio de ano complicado, a situación na xornada do 15 voltou a mudar drasticamente. Unha fronte activa pasaba por toda Galicia deixando chuvia e un brusco descenso posterior nas temperaturas e dando comezo a varios días consecutivos de situacións de adverso meteorolóxico.

Así, o día 16 a borrasca Gerard deixaba avisos meteorolóxicos de vento e chuvia por toda Galicia, con rexistros de vento que superaron en moitos puntos os 100 km/h e acumulados de precipitación por riba dos 100 L/m² acumulados en 24 horas por segunda ocasión no mes.

A borrasca Gerard foi unha borrasca de gran impacto segundo o recollido na páxina da AEMET.

Nomeada por Meteo France o 15 de xaneiro de 2023 ás 10 UTC como consecuencia dos intensos ventos previstos sobre territorio francés. Esta borrasca Gerard coexistiu durante uns días con outra gran borrasca nomeada por AEMET, Fien.





Como se pode comprobar a continuación foron numerosas as incidencias na rede viaria provincial nesa xornada extraordinaria.

Nº de Parte 2023	180	Registro	16/01/2023	09:43	05413	TOMIÑO	Sur
		Comunicado	16/01/2023	09:47	05413	Tomioño - Sabaris	6,0
		Finalizado	16/01/2023	15:00	01128	Vilar	
		Comunica			112 - SOS GALICIA		
		Notas	Cerna tamén o parte 61,				
		Finalizado	Incidencia Arbore caída				
Nº de Parte 2023	161	Registro	16/01/2023	12:05	05413	BAIONA	Sur
		Comunicado	16/01/2023	12:08	05413	Baiona - Lourezá	22,0
		Finalizado	16/01/2023	12:08	05413	Vilar	
		Comunica			112 - SOS GALICIA		
		Notas	Círrase co parte 60,				
		Finalizado	Incidencia Arbore caída				
Nº de Parte 2023	182	Registro	16/01/2023	14:46	05413	PONTE-CALDELAS	Sur
		Comunicado	16/01/2023	14:50	05413	Caritel - Anceu	2,5
		Finalizado	16/01/2023	16:35	01128	Taboada e Ramos	
		Comunica			112 - SOS GALICIA		
		Notas					



Nº de Parte 2023 63	Rexistro	16/01/2023	21:19	01128	CRECENTE	Sur
	Comunicado	16/01/2023	21:18	01128	Acceso Ponte Frieira	1.2
	Finalizado	16/01/2023	00:05	01128	Javier Ute	



Finalizado

Comunica	112 - SOS GALICIA
Notas	
Incidencia	PEDRA NA CALZADA

Nº de Parte 2023 64	Rexistro	17/01/2023	00:24	01128	PONTEVEDRA	Centro
	Comunicado	17/01/2023	00:34	01128	Bao - Campañó	0.6
	Finalizado	17/01/2023	03:00	01128	Riveiro	



Finalizado

Comunica	112 - SOS GALICIA
Notas	acuden os tres operarios
Incidencia	sinalizar corte de estrada por afundimento da mesma de aprox 20 metros

Nº de Parte 2023 65	Rexistro	17/01/2023	00:34	01128	PONTEAREAS	Sur
	Comunicado	17/01/2023	00:35	01128	Ponteareas - As Neves	1.0
	Finalizado	17/01/2023	01:02	01128	Javier Ute	



Finalizado

Comunica	112 - SOS GALICIA
Notas	
Incidencia	arbore ocupando parte da estrada

Nº de Parte 2023 66	Rexistro	17/01/2023	05:53	01128	FORCAREI	Norte
	Comunicado	17/01/2023	06:05	01128	Cachafeiro - Silleda	0.0
	Finalizado	17/01/2023	07:30	05413	Alberto	



Finalizado

Comunica	112 - SOS GALICIA
Notas	
Incidencia	arbore caída na estrada ocupando un carrila

Nº de Parte 2023 67	Rexistro	17/01/2023	07:58	05413	VALGA	Centro
	Comunicado	17/01/2023	08:00	05413	Valga - Martores	0.0
	Finalizado	17/01/2023	09:50	05413	Alberto	



Finalizado

Comunica	112 - SOS GALICIA
Notas	
Incidencia	Arbore caída



Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	08:49	05413	MONDARIZ-BALNEARIO	Sur
2023	69	Comunicado	17/01/2023	08:52	05413	Mondariz Balneario - Vijasobroso
		Finalizado	17/01/2023	10:48	05413	Javier Ute
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas	Cerra tamén o parte nº71.			
		Finalizado	Incidencia Limpieza por accidente			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	09:16	05413	RIBADUMIA	Centro
2023	70	Comunicado	17/01/2023	09:18	05413	Xil - Covas - Barrantes
		Finalizado	17/01/2023	10:30	05413	Victor
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas				
		Finalizado	Incidencia Estrada anegada			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	09:29	05413	CRECENTE	Sur
2023	71	Comunicado	17/01/2023	09:31	05413	Acceso Ponte Frieira
		Finalizado	17/01/2023	09:31	05413	Javier Ute
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas	Cérrase co parte 69.			
		Finalizado	Incidencia Dous desprendementos			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	12:16	05413	MOS	Sur
2023	72	Comunicado	17/01/2023	12:19	05413	Rebullon a la E.P. Meixueiro - C,U,V.I.
		Finalizado	17/01/2023	14:50	01128	Vilar
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas	A BRIGADA			
		Finalizado	Incidencia Arbore caída			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	16:42	01128	DOZON	Norte
2023	73	Comunicado	17/01/2023	16:41	01128	Castro - Dozon - Saa - Rocha
		Finalizado	17/01/2023	19:30	01128	Viana
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas				
		Finalizado	Incidencia ÁRBORE NA CALZADA			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	21:18	01128	PONTEVEDRA	Centro
2023	74	Comunicado	17/01/2023	21:18	01128	Bao - Campañó
		Finalizado	18/01/2023	02:00	01128	Riveiro
		Comunica	112 - SOS GALIÇA			
		Notas	CONTINUA NO 75, 76, 77. RIVEIRO ESTÁ DE PERMISO. DASE O AVISO A JOSÉ CORE			
		Finalizado	Incidencia ÁRBORE NA CALZADA			
Nº de Parte	Rexistro	17/01/2023	21:53	01128	POIO	Centro



2023	75	Comunicado	17/01/2023	21:52	01128	Portosanto - Campele - PO-308	2.5
		Finalizado	17/01/2023	21:52	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	CONTINUACIÓN DO 74				
		Finalizado	Incidencia				
			SOCAVÓN DE UNOS 15CM.				
		Nº de Parte	17/01/2023	22:12	01128	BUEU	Centro
2023	76	Comunicado	17/01/2023	22:14	01128	Alto Portelja - Bejuo	1.0
		Finalizado	17/01/2023	22:14	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	CONTINUACIÓN DO 74				
		Finalizado	Incidencia				
			ÁRBORE CAÍDA				
		Nº de Parte	17/01/2023	22:21	01128	BUEU	Centro
2023	77	Comunicado	17/01/2023	22:20	01128	Igrexario de Cela - Outeiro - Bueu	3.0
		Finalizado	17/01/2023	22:20	01128	Riveiro	
		Comunica	112 - SOS GALICIA				
		Notas	CONTINUACIÓN DO 74				
		Finalizado	Incidencia				
			ÁRBORE CAÍDA				

QUINTO.- Como se sinalou previamente, as circunstancias meteorolóxicas dos meses previos ao incidente na vía foron especialmente adversas.

A pesar disto, nas datas previas ao sinistro non houbo sinais evidentes que xustificaran o corte da mesma, nin a execución dalgũa actuación extraordinaria como así aconteceu nestes outros puntos da rede provincial.

Nos informes meteorolóxicos de Meteogalicia se recollen estes datos relevantes:

“INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE DECEMBRO DE 2022”

Durante o mes de decembro, agás na primeira semana, Galicia quedou maioritariamente na influencia das borrascas atlánticas, que en varios casos quedaron estacionarias pola presenza de altas presións no Mediterráneo occidental, deixando por tanto importantes cantidades de chuvia. Isto explica que rexistrásemos chuvias por riba do agardado nun mes de decembro. Pero ademais, estas situacións deixaban ventos do sur que achegaban masas de aire máis cálido do normal, polo que as temperaturas foron elevadas.

As chuvias acumuladas superan con claridade aos valores climáticos normais deste mes, que é o máis chuvioso do ano. Isto a pesar de que comezaba nos primeiros 10 días con tempo seco, destacando os valores acumulados das xornadas do 19, 23, 24 e 31.

A precipitación media acumulada foi de 307 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse de forma xeneralizada na provincia de Pontevedra, con valores que superaron os 600 L/m². A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de decembro.



Precipitacións acumuladas máximas en decembro de 2022			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	692
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	676
Muralla	LOUSAME	A Coruña	672
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	665
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	612
Castrove	POIO	Pontevedra	612
Costa	ROIS	A Coruña	611
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	601
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	588
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	577

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de decembro de 2022.

“INFORME CLIMATOLÓXICO MES DE XANEIRO DE 2023”

Durante os primeiros 20 días prevaleceu a configuración de baixas presións, con moita inestabilidade, chuvias abundantes e temperaturas moi suaves por mor dos ventos do suroeste.

As chuvias acumuladas nos primeiros 20 días fan que o mes poida cualificarse como moi húmido.

Así, o mes comezou cunha xornada de chuvias persistentes, intensas e xeneralizadas, deixando cantidades moi significativas que nalgúns puntos superaron os 100 L/m² acumulados durante o día.

A situación foi especialmente drástica na xornada do 15. Unha fronte activa pasaba por toda Galicia deixando chuvia e un brusco descenso posterior nas temperatura e dando comezo a varios días consecutivos de situacións de adverso meteorolóxico. Así, o día 16 a borrasca Gerard deixaba avisos meteorolóxicos de vento e chuvia por toda Galicia, con rexistros de vento que superaron en moitos puntos os 100 km/h e acumulados de precipitación por riba dos 100 L/m² acumulados en 24 horas por segunda ocasión no mes. O día 17 chega ademais a borrasca Fien . Todo isto durante esas xornadas cun temporal que no mar chegou a aviso vermello por ondas que superaban os 8 metros e altura.

As acumulacións de chuvia estiveron algo por riba do que cabería agardar nun mes de xaneiro, debido principalmente á chegada de borrascas activas ata o día 20 do mes. Destacan especialmente dentro deste período de chuvias as rexistradas os días 1 e 16, con acumulados que nalgúns puntos superaron os 100 l/m² en 24 horas.

SEXTO.- Foron numerosas as incidencias nas diferentes categorías das redes viarias presentes na autonomía a consecuencia desta meteoroloxía adversa. Todo isto derivou en diversas actuacións de emerxencia para solventar os acontecementos imprevistos.



Dentro da rede provincial advertíronse diferentes puntos críticos onde se actuou inmediatamente mediante a execución de obras de emerxencia que evitaran os posibles riscos derivados das mesmas. A continuación procédese a enunciar as obras destas características adxudicadas por este motivo:

Data adxudicación	Denominación obra	Importe certificado
07/02/2023	Obra de emerxencia para "Reparación de muro de contención na E.P. 2204 Sabarís - Belesar, P.Q. 0+550 (Concello de Baiona)"	77.743,61 €
09/01/2023	Obra de emerxencia para a "Construcción de muro de contención na E.P. 2102 Nigrán-Vincios, no P.Q. 3+000 (Concello de Nigrán)"	76.995,51 €
29/12/2022	Obra de emerxencia "Construcción de muro de contención na EP4402 Mondariz Balneario-Vilasobroso, P.Q. 1+500 (Concello de Mondariz)"	64.402,59 €
27/12/2022	Obra de emerxencia para a construción de muros de contención na EP 2102 Nigrán - Vincios, PQ 4+700 e PQ 4+950 (Concello de Nigrán).	305.758,52 €
13/12/2022	Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na E.P. 2705 Pazos-Borbén, no P.Q. 1+695 M.D. (Concello de Pazos de Borbén)"	39.981,70 €
29/11/2022	Obra de emerxencia para "Reparación de noiro na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, P.Q. 7+800 (Concello de Ponte Caldelas)"	60.377,78 €
16/11/2022	Obra de emerxencia para a "Reparación obra de paso na E.P. 0302 Verducido-A Laxe-Eiroa, P.Q. 3+204 (A Lama)"	59.836,05 €

A pesar de todo isto, nas datas previas ao sinistro non houbo sinais evidentes que xustificaran o corte da mesma, nin a execución dalgunha actuación extraordinaria como así aconteceu nestes outros puntos da rede provincial.

SÉTIMO.- A Comunidade de Montes de Campañó ao longo do ano pasado estivo a facer traballos de desbroces e talla de árbores nas parcelas colindantes coa estrada provincial. Ademais fixo traballos de mellora dos accesos, incluíndo a modificación das obras de drenaxe existentes o que mudou o curso natural das escorrentías.



Todo isto sen autorización nin aviso previo por situarse fóra das zonas de protección da estrada provincial, aínda que estes traballos puideran chegar a afectar ao correcto funcionamento da mesma.



O clima extremo dos últimos meses do ano 2022 cando se executaron estes traballos provocou ademais un desprendemento no sostemento do camiño da comunidade de montes debido ás fortes choivas e os arrastres das tallas que a día de hoxe aínda está sen arranxar como se comproba nas fotos que se achegan.



OITAVO. - Como xa se apuntou nos parágrafos anteriores, foi necesaria a execución dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores, de xeito que a través dunha rápida actuación se actuou construíndo un muro, limpando arrastres e obstrución dos elementos de drenaxe, rehabilitando toda a estrutura da estrada e instalando o sistema de contención necesario nese punto da rede.

En data 19 de xaneiro de 2023 solicítase ao Servizo de Contratación, a tramitación polo procedemento de emerxencia a devandita actuación.

Mediante resolución presidencial con data 20 de xaneiro de 2023 adjudicouse polo pertinente trámite de emerxencia o contrato para a execución da obra a “Reconstrución de plataforma na EP0017 O Vao-Campañó, P.Q. 0+620 (Concello de Pontevedra)”, á empresa a CONSTRUCTIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (CIF A36008886).

Debido á tipoloxía das obras non foi posible a elaboración dun presuposto certo, non sendo posible definir con precisión as unidades e as medicións da actuación, polo descoñecemento das características xeotécnicas do terreo a escavar e os danos reais no terraplén e no firme da estrada ata que se comezasen os traballos de escavación. Finalmente, o importe da mesma ascendeu á cantidade de 198.973,88 € (P.E.M.), que unha vez incrementado no 13% de gastos xerais, no 6% de beneficio industrial e no 21% de IVE, supón un importe total de 286.502,48 euros.


Previo ao inicio dos traballos de desmorte procedeuse a sinalizar a zona afectada polo risco de derrube e a suxeición provisional do talude e da plataforma viaria para poder realizar as obras de escavación na cimentación e contención coa seguridade precisa mentres se mantíña o tráfico regulado por semáforos. Logo, procedeuse ó saneo e escavación localizada do talude, así como o de toda a plataforma da estrada afectada.



Posteriormente executouse un muro de contención para soste definitivamente o tramo derribado, traballos de limpeza dos arrastres a fincas e traza afectadas, así como o a instalación de barreira de seguridade e o afirmado do todo o tramo afectado pola execución de ditas obras.



Finalmente, a estrada puido abrirse definitivamente ao tráfico o día 10 de marzo unha vez feita a reposición definitiva da sección da estrada e rematados os traballos necesarios.



CONCLUSIÓN.- Pola combinación de todas as circunstancias sobrevenidas e imprevisibles que se expoñen nos puntos anteriores, enténdese que non había avisos nin sinais que xustificaran algunha actuación previa aos feitos acontecidos.

Así mesmo, os servizos técnicos reaccionaron inmediatamente e acometeron as obras necesarias para evitar calquera outro risco derivados así como á reparación dos danos orixinados coa máxima celeridade posible.

María Belén Pampín Camino


Enxeñeiro



Resultando.- Que con data 13/07/2023 e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo da Estación Fitopatolóxica Areeiro da Deputación, acerca das precipitacións rexistradas do día 9 ao 16 de xaneiro do 2023 na localidade na que tivo lugar o sinistro, emitindo o mesmo na data 14/07/2023, co seguinte contido:

En relación á solicitude de informe realizado polo Xefe do Servizo de Asesoría Xurídica acerca das condicións meteorolóxicas rexistradas entre os días 9 e 16 de xaneiro de 2023 na estrada E.P.0017 Bao-Campañó, no Concello de Pontevedra, realizouse unha consulta de datos das estacións meteorolóxicas na rede de Estacións de MeteoGalicia mais próximas ao punto de afundimento do asfalto.

A rede dispón de dúas estacións de toma de datos meteorolóxicos no concello de Pontevedra, sitas es Lourizán e Campolongo, na mesma cidade, pero amais recolléronse os datos doutras tres estacións, dúas situadas no lado norte da ría, en Armenteira (Concello de Meis) e Castrove (Concello de Poio), e outra do lado sur no Porto de Marín.



Localización das Estacións Meteorolóxicas

Os rexistros meteorolóxicos destas estacións dos días 9 a 16 de xaneiro de 2023 amosan valores de precipitacións diarias moi variables, con mínimos o día 9 e máximos os días 10 e 16. O día 16 de xaneiro foi cando se rexistraron as maiores precipitacións en todas as estacións consultadas, recolléndose entre 41,9 L/m² no Porto de Marín e 71 L/m² no Monte Castrove.

Porén, os rexistros diarios de vento amosan refachos máximos, nesas datas, comprendidos entre os 13,1 Km/h (Lourizán, o día 10) e os 81,2 Km/h (Castrove, o día 16). En xeral, as rachas de vento máis fortes producíronse entre os días 14, 15 e 16 de xaneiro.



Na seguinte táboa, elaborada a partir dos resultados da consulta a MeteoGalicia, amósanse os valores diarios totais de precipitación en L/m² e a máxima racha de vento do día en Km/hora en cada unha das estacións meteorolóxicas mencionadas.

LECTURA	CASTROVE (POIO)		A ARMENTEIRA (MEIS)		PORTO DE MARÍN (MARÍN)		LOURIZAN (PONTEVEDRA)		CAMPOLONGO (PONTEVEDRA)	
	Chuvia L/m ²	Refacho a 10m, KM/h	Chuvia L/m ²	Refacho a 2m, KM/h	Chuvia L/m ²	Refacho a 10m, KM/h	Chuvia L/m ²	Refacho a 10m, KM/h	Chuvia L/m ²	Refacho a 10m, KM/h
Día 9/1/2023	0,5	35,3	0	22,3	0	18,1	0,2	13,7	0,1	16,7
Día 10/1/2023	54,8	58,8	32,8	39,9	17,5	62,3	16,4	31,5	13,1	26,8
Día 11/1/2023	4,9	42,1	4,6	20,8	5	22,7	6	21,7	4,9	15,5
Día 12/1/2023	3,8	38,4	6,6	26,9	5,6	38,7	6,5	21,7	5,1	15,8
Día 13/1/2023	6,9	38,3	2	29,8	3,8	26	4,5	21,5	2,6	16,6
Día 14/1/2023	17,1	64,7	9,4	48,9	5,1	91	5,4	40,4	3,7	57,9
Día 15/1/2023	19,3	62,9	13,2	28,4	10,4	67,9	15,6	50,4	16,7	41,3
Día 16/1/2023	71	81,2	51,2	40,7	41,9	80,2	44	54,2	60,2	52
Valores de precipitación diaria total e máximo de racha de vento diaria nas Estacións Meteorolóxicas de referencia.										

No anexo recóllese os rexistros dezminutais dos días 9 a 16 de xaneiro de 2023.

Dra Carmen Salinero Corral

Xefa do Servizo Estación Fitopatolóxica Areiro

Resultando.- Que con data 20/07/2023, e con fundamento no artigo 4.1, apartados b) e c) da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, conferiuse á Comunidade de Montes de Campañó un prazo de dez días para que puidera comparecer como interesada e realizar as alegacións que tivera por convenientes, contestando a medio de correo electrónico o día 27/07/2023, o seguinte:

“Indicarlles que o expediente ao que fai referencia a Deputación atópase no Parque forestal a Tomba-Montecelo que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20/11/2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: Aceptación da cesión gratuíta do uso dos terreos propiedade da comunidade de montes de Campañó, situados na parroquia de Campañó e denominados “monte de a tomba”, para a creación dun parque forestal periurbano.

Consonte co anterior, a Asamblea Xeral Ordinaria de Comuneiros de data 16 de decembro de 2016 acordou ceder ao Concello os terreos indicados coa finalidade de acondicionalos para a instalación do dito parque forestal”.



Resultando.- Que con data 02/08/2023, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, para que no prazo de cinco días informaran da razón de ciencia que acredita o coñecemento de ter desenvolvido a Comunidade de Montes de Campañó as labores de limpeza e tala da zona, tal e como recollen no punto Sétimo do seu informe: “*A Comunidade de Montes de Campañó ao longo do ano pasado estivo a facer traballos de desbroces e tala de árbores nas parcelas colindantes coa estrada provincial. Ademais fixo traballos de mellora dos accesos, incluíndo a modificación das obras de drenaxe existentes, o que mudou o curso natural das escorrentías*”.

Resultando.- Que con data 29/08/2023 remiten o informe técnico complementario co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Segundo a Lei 55/1980, de 11 de novembro, os montes veciñais en man común son aqueles montes que pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e que veñen aproveitándose consuetudinariamente en man común polos membros daquelas na súa condición de veciños.


Trátase de bens indivisibles, inalleables, imprescriptibles e inembargables, que "non estarán suxeitos a contribución algunha de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social Agraria e a súa titularidade dominical corresponde, sen atribución de cotas, aos veciños integrantes en cada momento do grupo comunitario de que se trate".

A Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, dálle á Comunidade de veciños plena autonomía para a xestión e o disfrute do monte no seu artigo 21 contempla que:

1. O aproveitamento e disfrute dos montes veciñais en man común correspóndelle en orixe exclusivamente á Comunidade titular e farase segundo as normas recollidas nos seus Estatutos, nesta Lei e nas disposicións que a desenvolven.

SEGUNDO.- A parcela onde se recollen os traballos descritos no informe inicial (tal e como se contempla nas fotos que se achegan) é propiedade da Comunidade de montes de Campañó, tal e como se recolle na páxina web dos montes de Pontevedra:

<http://www.montespontevedra.org/index.php/mancomunidades-integrantes/7188-comunidade-de-montes-de-campano>.






O monte veciñal de Campañó está situado no macizo do Castrove no que limita cos montes veciñais de Poio e constitúe o telón de fondo polo noroeste da cidade de Pontevedra. É un dos poucos montes veciñais que quedan no Concello con convenio de xestión coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, mediante o que a Comunidade de Montes delega a xestión do monte na administración forestal.



*No monte, ao que se lle da unha finalidade unicamente produtiva está poboado maioritariamente por piñeiros e eucaliptos e ten un importante problema na presenza de especies invasoras, en particular, da acacia negra (*Acacia melanoxylon*).*



Un dos numerosos carteis instalados no recinto da Comunidade de montes sobre o Parque forestal da Tomba



Fonte sita na parcela sinalada



CUARTO.- *Por todo o anteriormente exposto entendemos que os traballos de talla como aproveitamento do monte veciñal foron realizados pola Comunidade de Montes de Campañó.*

Por outra banda, a modificación das obras de drenaxe existentes que mudou o curso natural das escorrentías forma parte das obras de colaboración expostas entre o Concello de Pontevedra e Comunidade de Montes para poñer en valor o Parque Forestal da Tomba.

María Belén Pampín Camino

Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 12/09/2023 solicitouse información a D. Manuel Casás, Presidente da Comunidade de Montes de Campañó acerca de quen realizou os traballos de limpeza e o destino dado aos restos tralos traballos de desbroce e tala de árbores, contestando en correo electrónico do día 19/09/2023 o seguinte:

“Dende a Comunidade de Montes de Campañó non se realizou limpeza ou poda algunha no monte indicado dende que se lle cedeu ao Concello”.

Resultando.- Que con data 14/09/2023 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca do porqué do *entendemento* de que os traballos de tala e aproveitamento foron realizados pola Comunidade de Montes de Campañó, tal e como manifestan no informe complementario dese Servizo de data 29/08/2023, por resultar imprescindible a aclaración deste extremo, contestando na data 05/10/2023 o que sigue:

A estrada provincial E.P. 0017 BAO-CAMPAÑÓ pertence á rede provincial de estradas e por tanto está suxeita a dous tipos de contratos que recolle traballos de conservación a mellora da citada vía:

1. *SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (ZONA CENTRO).*

Os traballos para executar estrutúranse principalmente nos seguintes capítulos, en función das operacións para realizar:
Capítulo I: Operacións programadas.

Comprende as actuacións de:

- *Roza, segado e limpeza de vexetación herbácea e arbustiva de marxes de estrada.*
- *Limpeza de marxes, reapertura de cunetas e perfilado de noiros.*
- *Repintado de marcas viarias.*

Capítulo II: Operacións de atención a incidencias.

Comprenderá as actuacións correspondentes aos traballos de conservación necesarios para o mantemento do estado dos distintos elementos que constitúen a estrada.

2. *ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (LOTE 4).*

O obxecto do contrato céntrase en operacións localizadas de mantemento das características superficiais dos firmes, operacións localizadas de mantemento da capacidade portante dos firmes e operacións complementarias de reposición da sinalización horizontal afectada.



Trátase de operacións localizadas de conservación para reponer pavimentos con degradacións como son os pavimentos deslizantes, os pavimentos deformados ou os pavimentos fisurados. Debido a que son operacións localizadas, a súa necesidade vén determinada polo día a día das operacións ordinarias de conservación.

A continuación, enuméranse as actuación que desde o ano 2020 este organismo ven executando nese vial a partir de cada un dos contratos:

SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA:

DESBROCE (campaña anual):

- ANO 2020: Maio
- ANO 2021: Febreiro (1ª campaña) e Novembro (2ª campaña)
- ANO: 2022: Xuño (1ª campaña)
- ANO 2023: Febreiro (1ª campaña) e Xullo (2ª campaña)

LIMPEZA DE MARXES E O.D.T. (obras de drenaxe transversais) existentes:

- ANO: 2021: marzo
- ANO 2023: xullo

SINALIZACIÓN HORIZONTAL:

- ANO 2022: Agosto

ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES

EMPRESA	ANO	SANEO (M ²)	FRESADO+MEZCLA BITUMINOSA EN QUENTE (M ²)	MICROAGLOMERADO EN FRÍO (M ²)
OVISA	2019	51,00	3332	
OVISA	2020			16150
COVSA	2021	143,50	1545	7021

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023007775, de data 18/10/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o expediente pola necesidade, naquel intre procedimental, de solicitar unha serie de informes complementarios para a súa resolución, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.



Resultando.- Que con data 06/11/2023, o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación remite informe complementario co seguinte contido:

Primeiro.- Como sinalamos no informe emitido o 29 de agosto do ano 2023:

- 1. O aproveitamento e disfrute dos montes veciñais en man común correspóndelle en orixe exclusivamente á Comunidade titular e farase segundo as normas recollidas nos seus Estatutos, nesta Lei e nas disposicións que a desenvolven.*

Segundo.- A parcela onde se recollen os traballos descritos no informe inicial (tal e como se contempla nas fotos que se achegan) é propiedade da Comunidade de montes de Campañó.



Cartel da comunidade de montes de Campañó no camiño de acceso





Fonte sita na parcela sinalada

Terceiro.- Independentemente da cesión gratuíta do uso dos terreos propiedade da comunidade de montes de Campañó, situados na parroquia de Campañó e denominados “Monte de A Tomba” para a creación dun parque forestal periurbano, obxectivamente os traballos de talla son un aproveitamento do monte veciñal.

O aproveitamento do monte veciñal correspóndelle unicamente á os montes veciñais en man común na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas e que veñen aproveitándose consuetudinariamente en man común polos membros daquelas na súa condición de veciños.

Resultando.- Que con data 17/01/2024, solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación acerca da frecuencia na revisión periódica da estrada e da data na que se realizou por última vez antes de producirse o accidente, remitindo o mesmo na data 31/01/2024, co seguinte contido:

Primeiro.- FRECUENCIA NA REVISIÓN PERIÓDICA DAS ESTRADAS PROVINCIAS

- *Recorrido vixiante de zona: unha vez á semana*
- *Recorrido brigada responsable: unha vez cada 2/3 semanas*

Todo isto ao marxe das incidencias e emerxencias rexistradas polo servizo.

O vixiante de estradas responsable da zona de Pontevedra, Manuel Mougán Rey declara que o mesmo luns 16 de xaneiro recorreu a estrada EP-0017, dentro da súa inspección semanal.

Segundo.-TRABALLOS DE CONSERVACIÓN PREVIOS AO ACCIDENTE

A estrada provincial E.P. 0017 BAO-CAMPAÑO pertence á rede provincial de estradas e por tanto está suxeita a dous tipo de contratos que recolle traballos de conservación a mellora da citada vía:



1. *SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA DA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (ZONA CENTRO).*

Os traballos para executar estrutúranse principalmente nos seguintes capítulos, en función das operacións para realizar:

Capítulo I: Operacións programadas.

Comprende as actuacións de:

- *Roza, segado e limpeza de vexetación herbácea e arbustiva de marxes de estrada (2 campañas anuais)*
- *Limpeza de marxes, reapertura de cunetas e perfilado de noiros (1 campaña cada 2 anos).*
- *Repintado de marcas viarias (1 campaña cada 4 anos)*

Capítulo II: Operacións de atención a incidencias (puntualmente unha vez detectadas).

Comprenderá as actuacións correspondentes aos traballos de conservación necesarios para o mantemento do estado dos distintos elementos que constitúen a estrada.

2. *ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (LOTE 4)*

O obxecto do contrato céntrase en operacións localizadas de mantemento das características superficiais dos firmes, operacións localizadas de mantemento da capacidade portante dos firmes e operacións complementarias de reposición da sinalización horizontal afectada.

Trátase de operacións localizadas de conservación para repoñer pavimentos con degradacións como son os pavimentos deslizantes, os pavimentos deformados ou os pavimentos fisurados. Debido a que son operacións localizadas, a súa necesidade vén determinada polo día a día das operacións ordinarias de conservación.

A continuación enuméranse as actuacións que dende o ano 2020 este organismo ven executando nese vial a partir de cada un dos contratos:

SERVIZO DE CONSERVACIÓN ORDINARIA

DESBROCE (campaña anual):

- *ANO 2020: Maio*
- *ANO 2021: Febreiro (1ª campaña) e Novembro (2ª campaña)*
- *ANO 2022: Xuño (1ª campaña)*
- *ANO 2023: Febreiro (1ª campaña) e Xullo (2ª campaña)*

LIMPEZA DE MARXES:

- *ANO 2021: marzo*
- *ANO 2023: xullo*

SINALIZACIÓN HORIZONTAL:

- *ANO 2022: Agosto*



ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES

EMPRESA	ANO	SANEO (M ²)	FRESADO+AGLOMERADO (M ²)	SLURRY (M ²)
OVISA	2019	51,00	3332	
OVISA	2020			16150
COVSA	2021	143,50	1545	7021

María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 22/01/2024, e de conformidade co establecido no artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, solicitouse información ó Concello de Pontevedra acerca da veracidade do relatado polo Presidente da Comunidade de Montes de Campañó sobre a realización do desbroce e tala de árbores, así como a limpeza dos restos.

Resultando.- Que con data 12/03/2024, recibíuse escrito do Director Xeral da Área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras do Concello de Pontevedra, D. Jesús Gómez Viñas, co seguinte contido literal:

- En data 16 de xaneiro de 2023, tras un episodio de fortes choivas, a estrada EP-0017 BAO-CAMPAÑÓ, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra sofre un afundimento no punto kilométrico 0+600.*
- En data 20/04/2023 Dona Cecilia Alonso Fernández reclama responsabilidade patrimonial á Deputación Provincial de Pontevedra posto que foi arrastrada ao circular no seu vehículo por dita estrada xusto no tramo no que se produciu o afundimento no instante de suceder o mesmo. No seu escrito, indica que o mantemento da vía era insuficiente polo que a canle lateral estaba atascada polo arrastre de terra debido as choivas caídas en datas anteriores ao incidente. Por tanto, sinálase no escrito un incumprimento por parte do titular da vía da súa obriga de limpeza e mantemento da mesma.*
- A Deputación emite informe indicando entre outros extremos que “..as circunstancias meteorolóxicas dos meses previos ao incidente na vía foron especialmente adversas”. Recollendo a continuación un extenso informe climatolóxico de Meteogalicia afondando neste aspecto. Tamén recollen un largo parte de incidencias ocorridas na rede de estradas provincial no día en cuestión ao que se refire este expediente, día no que unha forte borrasca impactou en toda a comunidade con fortes ventos (en moitos casos por encima dos 100 km/h) e unhas precipitacións extraordinariamente elevadas.*
- En dito informe indican tamén o seguinte: “A comunidade de Montes de Campañó ao longo do ano pasado estivo a facer traballos de desbroces e talla de árbores nas parcelas colindantes coa estrada provincial. Ademais fixo traballos de mellora dos accesos, incluíndo a modificación das obras de drenaxe existentes o que mudou o curso natural das escorrentías. Todo isto sen autorización nin aviso previo por situarse fóra das zonas de protección da estrada provincial, aínda que estes traballos puideran chegar a afectar ao correcto funcionamento da mesma. O clima extremo dos últimos meses do ano 2022 cando se executaron estes traballos provocou ademais un desprendemento no sostemento do camiño da comunidade de montes debido ás fortes choivas e os arrastres das tallas que a día de hoxe aínda está sen arranxar como se comproba nas fotos que se achegan”.*



5. Respecto aos extremos recollidos no parágrafo anterior cabe indicar o seguinte:

O Concello de Pontevedra firma un acordo de cesión dos terreos propiedade da Comunidade de Montes de Campañó denominados “Monte da Tomba” para a creación dun parque forestal periurbano. Este acordo de cesión formalizouse en novembro de 2017.

No ano 2019 licítouse o contrato para a levar a cabo o “Proxecto de posta en valor da parcela de Montecelo”. O contrato firmouse en setembro dese mesmo ano e o 7 de xaneiro dáse inicio á obra. Dita obra foi recepciónada o 4 de marzo de 2021.

Antes do inicio da obra foron solicitadas e concedidas todas as autorizacións pertinentes.

Durante os traballos de execución do Parque forestal foron taladas todas as árbores exóticas invasoras existentes e toda a superficie do parque repoboouse con especies autóctonas cun total de 25.000 plantas aproximadamente.

A zona pegada a estrada provincial no tramo do afundimento que estaba poboada principalmente por *Acacia melanoxylon* talouse ao inicio do proxecto, nos primeiros meses de 2020. Por tanto, é unha zona onde a vexetación levaba, no momento do afundimento, tres anos no mesmo estado cos seus correspondentes invernos e episodios climatolóxicos adversos. A vexetación plantada acumula xa dous anos polo que xa poden realizar función de sostemento do terreo.

No interior do parque existe unha estrada propiedade da comunidade de montes. A superficie monte arriba desta estrada estaba poboada de piñeiro e foron cortados pola propia comunidade moito antes da firma da cesión polo que o solo estaba totalmente consolidado.

Durante os traballos de posta en valor do parque, procedeuse a reforzar o firme deste camiño, propiedade da comunidade de montes e incluído na cesión de uso do parque forestal, previamente pavimentado mediante aglomerado en frío e debido ao paso da maquinaria atopábase en mal estado. Neste traballo non se realizáron cambios na estrada posto que unicamente se reforzou a infraestrutura, incluída a limpeza e perfilado da cuneta existente e a reparación dun cano, sen facer ningunha obra nova.

Unha vez rematada a execución do parque procedeuse a licitar os traballos de mantemento do mesmo que continúan a día de hoxe. Nestes traballos o que se realiza unicamente son rozas da vexetación non talando ningunha árbore pois como se explicou anteriormente aquelas que debían ser eliminadas foron cortadas na súa totalidade durante os traballos de execución do parque. En concreto neste punto levouse a cabo unha roza na metade augas abaixo do afundimento posto que, a petición da comunidade de regantes existente neste punto, non se continuou a roza nesta vaguada trasladando ao persoal a outros puntos do parque. Nos traballos de roza que se realizan, tritúranse os restos producidos para que se incorporen ao solo os seus nutrientes ao descompoñerse.

O derrube do muro mencionado no informe da Deputación provincial ocorreu o mesmo día que o afundimento da estrada provincial ocasionado polas forte choivas ocorridas nesas semanas e o día en cuestión. A día de hoxe xa se atopa reparado adecuadamente.



A criterio de quen subscribe, os traballos realizados de mantemento da superficie forestal non supoñen un prexuízo para a estrada provincial. En todo caso, non corresponde a esta administración o mantemento das infraestruturas de drenaxe da mesma e a limpeza da súa canle.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV do Título Preliminar da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Relata a propia reclamante na instancia que *“Dicho hundimiento de la calzada se debió a que la tajea que ya por sí era insuficiente, se encontraba atascada por el arrastre de tierra producido por las importantes precipitaciones que se produjeron en fechas anteriores”*. Cabe dicir aquí que, se ben, efectivamente, o sinistro acaeceu por unha obturación consecuencia de arrastres, a taxa levaba toda a súa existencia amosando a súa suficiencia, así como o seu correcto e suficiente dimensionamento, incluso en condicións climatolóxicas extremas, pois non houbo accidente ningún por esa mesma causa, polo que non remata de entenderse a afirmación da reclamante.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, coas intensas choivas que tiveron lugar nas semanas previas, produciuse o colapso da taxa existente e o derrube da calzada.
- Debido ó arrastre do material quedou sen apoio parte da calzada imposibilitando o tráfico rodado pola estrada polo que foi necesario proceder ao corte inmediato da mesma.
- O tempo de resposta da brigada de conservación e mantemento responsable foi de 40 minutos dende o aviso por parte do 112 SOS GALICIA para atender a incidencia.
- Todo isto requiriu dunha actuación de emerxencia para evitar riscos de danos maiores, proponéndose ese mesmo día a contratación da obra de emerxencia, iniciándose os traballos a mesma mañá do día 17.
- As condicións meteorolóxicas foron especialmente extremas nas datas previas ao accidente.
- Despois dun mes de decembro extremo en cuanto as condicións meteorolóxicas e un inicio de ano complicado, a situación na xornada do 15 voltou a mudar drasticamente. Unha fronte activa pasaba por toda Galicia deixando chuvia e un brusco descenso nas temperaturas e dando comezo a varios días consecutivos de situacións de adverso meteorolóxico.



- O día 16 a borrasca Gerard deixaba avisos meteorolóxicos de vento e chuvia por toda Galicia, con rexistros de vento que superaron en moitos puntos os 100 km/h e acumulados de precipitacións por riba dos 100 L/m² acumulados en 24 horas por segunda ocasión no mes.
- A borrasca Gerard foi unha borrasca de gran impacto segundo a AEMET, que ademais coexistiu durante uns días con outra gran borrasca nomeada por AEMET, Fien.
- Nesa xornada extraordinaria foron numerosas as incidencias na rede viaria provincial.
- As circunstancias meteorolóxicas dos meses previos ao incidente foron especialmente adversas.
- A pesares disto, nas datas previas ao sinistro non houbo sinais evidentes que xustificaran o corte da mesma, nin a execución dalgunha actuación extraordinaria como sí aconteceu noutros puntos da rede provincial.
- Nos informes meteorolóxicos de Meteogalicia recóllense datos relevantes, como que durante o mes de decembro, Galicia quedou maioritariamente na influencia das borrascas atlánticas, deixando importantes cantidades de chuvia.
- As chuvias acumuladas superan con claridade os valores climáticos normais dese mes, destacando os valores acumulados das xornadas do 19, 23, 24 e 31.
- A precipitación media acumulada foi de 307 L/m², sendo que as precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse de forma xeneralizada na provincia de Pontevedra, con valores que superaron os 600 L/m².
- Respecto do mes de xaneiro de 2023, durante os primeiros 20 días prevaleceu a configuración de baixas presións, con moita inestabilidade, chuvias abundantes e temperaturas moi suaves por mor dos ventos do suroeste.
- As chuvias acumuladas nos primeiros 20 días fan que o mes poida cualificarse como moi húmido.
- O mes comezou cunha xornada de chuvias persistentes, intensas e xeneralizadas, deixando cantidades moi significativas que nalgúns puntos superaron os 100 L/m² acumulados durante o día.
- A situación foi especialmente drástica na xornada do 15, xa que unha fronte activa pasaba por toda Galicia deixando chuvia e un brusco descenso posterior nas temperaturas e dando comezo a varios días consecutivos de situacións de adverso meteorolóxico.
- O día 16 a borrasca Gerard deixaba avisos meteorolóxicos de vento e chuvia por toda Galicia, con precipitacións, como se dixo, por riba dos 100 L/m² acumulados en 24 horas por segunda ocasión no mes.
- O día 17 chega, ademais, a borrasca Fien.
- As acumulacións de chuvia estiveron por riba do que cabería esperar nun mes de xaneiro, debido principalmente á chegada de borrascas activas ata o día 20 do mes.
- Destacan especialmente as chuvias rexistradas os días 1 e 16, con acumulados que nalgúns puntos superaron os 100 l/m² en 24 horas.



- Foron numerosas as incidencias nas redes viarias a consecuencia desta meteoroloxía adversa, o que derivou en numerosas actuacións de emerxencia para solventar os acontecementos imprevistos.
- A pesar disto, nas datas previas ao sinistro non houbo sinais evidentes que xustificaran o corte da estrada, nin a execución dalgunha actuación extraordinaria como sí aconteceu noutros puntos da rede provincial.
- Informa, asemade, o Servizo de Infraestruturas de que a Comunidade de Montes de Campañó, ao longo do ano pasado, estivo a facer traballos de desbroces e tala de árbores nas parcelas colindantes coa estrada provincial, se ben, esta afirmación responde aun momento inicial do procedemento, xa que unha vez repreguntada a Comunidade de Montes pola autoría da tala e desbroce, sinala ó Concello de Pontevedra.
- Fixo, ademais, traballos de mellora dos accesos, incluíndo a modificación das obras de drenaxe existentes, o que mudou o curso natural das escorrentías, e todo iso sen autorización nin aviso previo por situarse fóra das zonas de protección da estrada provincial, aínda que estes traballos puideran chegar a afectar ao correcto funcionamento da mesma.
- O clima extremo dos últimos meses do ano 2022 cando se executaron estes traballos provocou un desprendemento no sostemento do camiño da comunidade de montes debido ás fortes choivas e os arrastres das talas, que na data do informe de Infraestruturas do 10/07/2023, aínda estaba sen arranxar.
- Como xa se apuntou nos parágrafos anteriores, foi necesaria a execución dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores, de xeito que, a través dunha rápida actuación, levantouse un muro, limpáronse arrastres e obstrucións dos elementos de drenaxe, rehabilitouse toda a estrutura da estrada e instalouse o sistema de contención necesario nese punto da rede.
- Como conclusión, recolle o Servizo de Infraestruturas que a combinación de todas estas circunstancias sobrevenidas e imprevisibles, enténdese que non había avisos nin sinais que xustificaran unha actuación previa aos feitos acontecidos.
- Así mesmo, os servizos técnicos reaccionaron inmediatamente e acometeron as obras necesarias para evitar calquera outro risco, así como a reparación dos danos orixinados coa máxima celeridade posible.
- Segundo o informado pola Estación Fitopatolóxica Areiro da Deputación, o día 16 de xaneiro foi cando se rexistraron as maiores precipitacións en todas as estacións consultadas, recolléndose entre 41,9 L/m² no Porto de Marín e 71 L/m² no Monte Castrove.
- Porén, os rexistros diarios de vento amosan refachos máximos, nesas datas, comprendidos entre os 13.1 Km/h (Lourizán, o día 10) e os 81,2 Km/h (Castrove, o día 16). En xeral, as rachas de vento máis fortes producíronse ente os días 14, 15 e 16 de xaneiro.



- A Comunidade de Montes de Campañó informa na data 27/07/2023 que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 20/11/2017, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: Aceptación da cesión gratuíta do uso dos terreos propiedade da Comunidade de Montes de Campañó, situados na parroquia de Campañó e denominados “Monte de A Tomba”, para a creación dun parque forestal periurbano.
- Consonte co anterior, a Asamblea Xeral Ordinaria de Comuneiros de data 16/12/2016, acordou ceder ao Concello os terreos indicados coa finalidade de acondicionalos para a instalación do dito parque forestal.
- Segundo o informe técnico complementario do Servizo de Infraestruturas, de data 29/08/2023, a parcela onde se recollen os traballos descritos no informe inicial é propiedade da Comunidade de Montes de Campañó.
- O Concello de Pontevedra inaugurou o Parque Forestal da Tomba cunha superficie de 82 hectáreas, un proxecto municipal en colaboración coa Comunidade de Montes da parroquia, propietaria da superficie.
- Nos últimos anos foron executadas obras de adecuación e acondicionamento por parte do Concello como parque forestal periurbano.
- Recentemente executaron os traballos para repoñer o muro derribado polos desprendemento que aparecía no anterior informe.
- Por todo o anterior, entende o Servizo de Infraestruturas da Deputación que os traballos de tala como aproveitamento do monte veciñal foron realizados pola Comunidade de Montes de Campañó.
- A modificación das obras de drenaxe, que mudou o curso natural das escorrentías, forma parte das obras de colaboración expostas entre o Concello de Pontevedra e Comunidade de Montes para poñer en valor o Parque Forestal da Lomba.
- Segundo informa o Presidente da citada Comunidade de Montes, esta non realizou limpeza ou poda ningunha no monte indicado desde que foi cedido ao Concello.
- Neste sentido, o Servizo de Infraestruturas en novo informe complementario de data 06/11/2023, relata que independentemente da cesión gratuíta do uso dos terreos propiedade da Comunidade de Montes de Campañó, obxectivamente os traballos de tala son un aproveitamento do monte veciñal.

Considerando.- Que a forza causacional non reside en ningunha actuación que, por acción ou omisión, por funcionamento normal ou anormal do servizo público, poida imputarse á Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír a esta as consecuencias indemnizatorias, pois a mera detentación material dunha infraestrutura non a converte nunha aseguradora universal de todos os riscos.

Considerando.- Que non corresponde á Excma. Deputación facer un xuízo de imputabilidade da relación de causalidade nin respecto da Comunidade de Montes de Campañó nin do Concello, senón, simplemente, instruír un procedemento de responsabilidade patrimonial no que estime, sequera parcialmente, ou desestime a reclamación e que, trala minuciosa investigación feita, amosa a ausencia de responsabilidade no evento



lesivo do ente provincial e, como consecuencia, que non poida este facerse cargo dos danos ocasionados aínda que sexa a administración titular da vía, toda vez que o afundimento da calzada produciuse polas intensas choivas e condicións meteorolóxicas especialmente extremas dos días previos que provocaron o colapso da taxa por acumulación de restos das rozas, desbroces e talas, mais o material resultante, e o posterior derrube da calzada; así, o mesmo día do accidente, as precipitacións superaron os 100 l/m², por segunda ocasión no mes, sendo que as precipitacións acumuladas mais elevadas alcanzáronse de forma xeneralizada na provincia de Pontevedra, con valores que superaron os 600 l/m².

Considerando.- Que, a pesares do sinalado, non houbo nas datas previas sinais evidentes que xustificaran o corte da estrada, nin a execución dunha actuación extraordinaria.

Considerando.- Que o accidente ocorreu a consecuencia das inclemencias meteorolóxicas e/ou a intervención por acción e/ou omisión de terceiros alleos á estrutura provincial.

Considerando.- Que consta no expediente que o vixiante de estradas responsable da zona recorreu a estrada E.P. 0017 o mesmo luns 16 de xaneiro dentro da súa inspección semanal, polo que non se pode reprochar á Deputación Provincial o feito de non cumprimentar coa revisión periódica da vía.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou aproximadamente 40 minutos en chegar ao lugar para atender a incidencia, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.



32.33596- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

33.33597.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

34.33598.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

